



CONCELLO  
DE  
S A D A  
(A CORUÑA)

NÚMERO 6/17

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 29 DE XUÑO DE 2017.-**

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día vinte e nove de xuño de dous mil dezasete, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os concelleiros D. Ernesto Anido Varela, Dª. Zelta Natividade García Ben, D. Alberto Manuel García Cotoelo, Dª. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, Dª. María Pardo Fafián, Dª. María del Carmen Pose Varela, Dª. Isabel Reimundez Suárez, D. Ramón Rodríguez Ares, Dª. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistentes polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto. Escusa a súa ausencia a concelleira Dª. Raquel Bolaño Fariñas. Incorporouse con atraso, no momento que se indicará, a concelleira Dª. María Soraya Salorio Porral.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

**1º.- Revisión de oficio da licenza urbanística nº 121/2005 en execución da sentenza 620/2014, de 3 de xullo, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.-**

O concelleiro delegado sr. Montouto expón os antecedentes do asunto, fala dos informes técnicos solicitados polo concello a dous arquitectos distintos, un da Universidade de A Coruña e outro da Deputación provincial, que coinciden co informe do sr. Secretario da Corporación na inexistencia de causas de nulidade, e dá lectura ao ditame da Comisión Xeral.-

Maniféstanse a favor do ditame o sr. Suárez, polo grupo BNG, o sr. Gómez, polo grupo PDSP, debendo cumprirse as conclusións do informe da Secretaría incluída a publicación pola Alcaldía do Estudio de Detalle, e a sr.a Bolaño, polo grupo PSOE.-

O sr. Anido, polo grupo PP, considera que o expediente non está completo porque no índice de data 2 de febreiro faltan algúns informes, e di que se está tratando de trasladar ao Pleno a responsabilidade dos que participaron na concesión da licenza anulada polo Tribunal e que se quere trasladar ao Consello Consultivo supostos falsos; o seu grupo vaise abster porque non ten claro o que se quere acordar aquí, a sentenza ordena a revisión de oficio, non denegar a revisión de oficio nin declarar a lesividade.-

O sr. Gómez di que o sr. Anido debe referirse con nome e apelidos aos que considera responsables de dar a licenza, a cal foi concedida con todos os informes favorables que cita, de xeito que non concedela podería constituir delito de prevaricación.-

O sr. Montouto afirma que o expediente está completo, informando a instancia súa o sr. Secretario que ese índice mencionado é un documento auxiliar que se puxo para facilitar a consulta dos antecedentes e que se completará a medida que avance a tramitación. O sr. Montouto di que de cara ao envío do expediente ao Consello Consultivo é preceptiva a correspondente proposta, que se fai nos termos dos informes emitidos, e que as conclusións do informe da Secretaría sobre publicación do Estudio de Detalle non forman parte da proposta.-

O sr. Anido di que os que concederon a licenza en 2005 figuran na acta con nome e apelidos; vixiarán a marcha deste asunto, co que non están en absoluto de acordo aínda que se van abster.-

Sometido o ditame a votación, apróbase por maioría, con seis abstencións do grupo PP e nove votos a favor dos restantes grupos, o seguinte acordo:

1º.- Iniciar, á vista de todas as actuacións previas practicadas, a revisión de oficio da licenza urbanística 121/2005, en cumprimento da sentenza 620/2014, de 3 de xullo, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, solicitando o ditame do Consello Consultivo de Galicia verbo da seguinte Proposta de resolución:

“1.- Declarar a improcedencia da revisión de oficio da Licenza urbanística 121/2005, outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de 11-3-2005, ao non incorrer dito acto en vicio ningún determinante de nulidade de pleno dereito.-

II.- Que se incoe de forma inmediata expediente para a declaración de lesividade de dita licenza, ao apreciarse na mesma defectos que puideran determinar a súa anulabilidade”.-

2º.- Suspender o prazo máximo legal para resolver o procedemento polo tempo que medie entre a petición do ditame ao Consello Consultivo de Galicia e a recepción do mesmo.-

**2º.- Aproración inicial da Ordenanza municipal de protección dos animais e convivencia responsable.-**

Dada conta do ditame da Comisión Xeral sobre o expediente tramitado para a aprobación inicial da Ordenanza municipal de protección dos animais e convivencia responsable, o sr. Alcalde propón deixar o asunto sobre a mesa por estar en fase de elaboración unha nova lei autonómica sobre a materia, para promover unha maior participación cidadá sobre o asunto dedicando ao mesmo un consello sectorial específico, dado o interese que suscitou a inclusión deste punto na Orde do Día, e tamén para darlle soporte xurídico.-



CONCELLO  
DE  
SADA  
(A CORUÑA)

O sr. Gómez di que semella ser copia este proxecto da ordenanza do Concello de Ferrol, deste ano.-

O sr. Anido considera que todos os grupos son conscientes do problema de fondo, pero esta proposta é unha falta de previsión, levouse a Comisión un expediente sen informes nin mais documento que o proxecto de ordenanza e houbo de avisar o sr. Secretario da tramitación dunha lei autonómica sobre a materia.-

O sr. Alcalde di que se pode acusar de todo menos de improvisación, esta ordenanza xa ía incluída no Plan Normativo para 2017 aprobado en 2016, lévase moito tempo traballando nela, sobre a base da ordenanza de Ferrol, pero fíxose un proxecto tan ambicioso que nalgúns casos excedía a competencia municipal e non ten problema en retirala da sesión.-

Sometida a votación a proposta de deixar o asunto sobre a mesa, é a mesma aprobada por unanimidade.-

**3º.- Expte. de modificación de crédito 24/2017. Crédito Extraordinario 1/2017.-**

A Alcaldía dá conta do expediente de modificación de créditos 24/2017, na modalidade de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, tramitado para recuperar para o orzamento 2017 créditos xa destinados ao financiamento de gasto de 2016, e que tamén dote ás aplicacións correspondentes con crédito para cancelar as obrigas aínda pendentes cun importe total de 635.705,32.- euros.-

De conformidade co ditame favorable da Comisión Xeral, apróbase por unanimidade:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 24/2017, na modalidade de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 635.705,32.- euros:

Estado de gastos:

Programa	Económica	Importe
132	21200	54,45
132	21300	122,21
132	21400	87,19
132	22000	203,7
132	22100	657,53
132	22199	15,37
135	20400	1681,9
135	21300	289,67
135	22100	398,55
135	22104	2255,44
135	22106	689,36
135	22199	629,9
151	21000	310,07
151	21300	741,45
151	22000	347,23
151	22002	148,35
151	22100	705,93
160	21000	1019,07
160	21300	2639,35
160	21400	46,34
160	22100	24240,72
160	22199	276,23
160	22799	1415,26
164	21000	6740,61
164	22100	191,56
164	22199	46,71
164	22699	33,05
165	21000	2992,2
165	22100	82248,4
165	22707	4637,09
165	60900	363
171	21000	4055,98
312	21200	263,5
312	22100	2089,49
312	22103	5440

CVD: aqDZ876Amndy3yQ+/utH  
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.



CONCELLLO  
DE  
S A D A  
(A CORUÑA)

326	48013	3743,52	48011	3380
330	22000	359,53		
330	22199	124,49		
333	21200	1760,55		
333	21300	300,82		
333	22100	2245,02		
333	22103	2906,15		
333	22199	726		
337	21200	1380,6		
337	22100	2592,71		
337	22700	405,69		
337	22799	58,08		
338	22626	13776,41		
341	22199	218,13		
341	22609	6988,71		
341	48000	53259,08		
342	21200	6761,1		
342	22100	4020,17		
342	22199	273,93		
342	22706	1911,8		
432	22000	111,65		
432	64100	3623,95		
433	22799	2541		
453	21000	13168,22		
491	22700	237,75		
912	22199	24,5		
912	22601	528		
912	48009	5614,5		
1532	21000	9947,25		
1532	21001	164,72		
1532	61900	7899,87		
1722	22199	54,98		
1729	21000	220,22		
1729	22300	220		
1729	22799	12101,69		
2310	21300	825,43		
2310	22000	158,5		
2310	22100	304,87		
2310	22199	31,24		
2310	22699	22,7		
2310	22743	18465,23		
2310	22749	30273,72		
2310	22799	1249,38		
2310	46700	63786,86		
2310	48000	1958,75		
2311	21200	93,63		
2311	22000	1001,14		
2311	22100	536,09		
2410	21300	645,66		
2410	22000	867,1		
2410	22699	20		
2411	22100	120,64		
3230	21200	1791,35		
3230	21300	197,84		
3230	22100	3897,74		
3230	22199	74,05		



CONCELLO  
DE  
S A D A  
(A CORUÑA)

3231	21200	537,91
3231	22100	1471,18
3231	45000	140099,21
3231	62600	519,72
3321	22000	386,8
3321	22001	409,39
3321	22609	55,3
3340	22609	5450,53
3340	22620	10,5
3340	22636	945
3340	22637	1415,7
3341	22601	1444
3341	22728	8333,17
4311	22612	6640,98
4312	22100	420,51
9200	21200	250,42
9200	21300	286,94
9200	22000	589,77
9200	22100	1946,64
9200	22199	129,4
9200	22400	8161,41
9200	22402	9788,4
9200	22602	145,2
9200	22603	75,98
9200	22604	1058,91
9200	22799	108,9
9201	21300	424,94
9201	21400	104,95
9201	22104	98,27
9201	22199	3545,6
9201	22401	678,12
9201	22799	132
9201	62300	1990
Total:		635.705,32

Estado de ingresos:

Subconcepto	Denominación	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais.	635.705,32

2º.- Expoñer ao público o expediente mediante anuncio no Boletín oficial da provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello por prazo de quince días hábiles para presentación de reclamacións conforme ao disposto nos artigos 177 e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, considerándose aprobado definitivamente no caso de non presentarse reclamacións durante dito período de exposición pública.-

#### Control de Órganos de Goberno:

#### 4º.- Informes e comunicacións.-

- Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 22-5-2017 a 23-6-2017.-

#### 5º.- Mocións.-

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico, preséntanse as seguintes mocións de urxencia.-

#### 5º.1.- Moción sobre o plan de mellora dos camiños rurais.-

O sr. Suárez presenta a moción do grupo BNG sobre o plan de mellora dos camiños rurais, que considera de urxencia ante a mingua das previsións de investimento da Consellería do Medio Rural a través do Plan marco de mellora dos camiños rurais.-

Aprobada por unanimidade a declaración de urxencia da moción, o sr. Suárez procede á súa exposición, manifestándose a favor os voceiros de todos os grupos agás o do grupo PP, sr. López, que destaca a importancia que ten o medio rural para o goberno da Xunta, en contra do que indica a moción, como demostran os datos de investimento do Presuposto autonómico.-

— Sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos incorporárase ao acto a concelleira sra. Salorio Porral.-



CONCELLO  
DE  
SADA  
(A CORUÑA)

O sr. López enumera datos dos investimentos no medio rural da Consellaría correspondente, así como outras actuacións e axudas de diversos entes autonómicos, defendendo o que considera unha política autonómica con visión global e anunciando o voto en contra do seu grupo por estes motivos:-

O sr. Alcalde afirma que o investimento da Xunta no rural é pouco mais que o 2% dos Presupostos autonómicos e, como coñecedor do medio rural, non está de acordo coa defensa da política autonómica feita polo sr. López, senón que considera nefasta a xestión do goberno do sr. Feijoo neste apartado, devólvense fondos europeos por falta de execución, é progresivo o abandono do rural en especial pola poboación mais nova, fan falta explotacións sostibles e non financiadas e débese regular os prezos.-

O sr. Suárez considera que as cifras dadas polo sr. López son das empresas amigas do PP, deu cifras de grandes corporacións non de investimento público, e di que el pode dar datos da marcha de traballadores do rural, de incremento do paro, ruína da produción de leite, etc.-

Interveñen novamente en segunda quenda os sres. López e Suárez.-

Efectuada a votación, apróbase por maioría, con nove votos a favor dos grupos Sadamaioría, PSOE, PDSP e BNG, e con sete votos en contra do grupo PP, o seguinte acordo:

1º.- Instar ao Goberno Galego a:

a) Incrementar a dotación do Plan marco de camiños rurais cos concellos.-

b) Dotar dito Plan dun orzamento plurianual, que asegure investimentos de xeito sostido e progresivo en colaboración cos concellos.-

2º.- Trasladar este acordo ao Presidente do Goberno Galego.-

### **5.2.- Moción a prol dos dereitos das persoas LGTBIQ+.-**

A sra. Reimúndez presenta a moción do grupo BNG a prol dos dereitos das persoas LGTBIQ+, con motivo da celebración o día 28 de xuño do Día Internacional da Liberación LGTBIQ+, no que se

commemora os disturbios de Stonewall (New York, 1969), xustificando a urxencia en que se sempre é precisa a reivindicación desta data éo mais agora en Sada a raíz dun recente episodio de intolerancia nunca publicación local.-

Aprobada por unanimidade a declaración de urxencia da moción, a sra. Reimúndez dá lectura á mesma, a favor da cal pronúncianse os grupos PDSP, PSOE e Sadamaioría.-

Polo grupo PP a sra. Pose manifestábase a favor do dereito dos colectivos enumerados na moción a ser tratados con normalidade, pois todas as posturas son respetables, se comparan ou non; o sistema sanitario garante o dereito á protección da saúde sen facer discriminación por razón da condición sexual das persoas, pero en canto a que o SERGAS asuma o custo do cambio de sexo, entende que hai outras cousas sen esa cobertura e isto pode dar lugar a discriminación doutros colectivos; e en canto ao ámbito educativo, xa existe nel o correspondente protocolo da Consellería. Por isto manifesta que sen os puntos 1 e 2 da moción o seu grupo votará a favor, noutro caso votarán en contra.-

Someido o asunto a votación apróbase por maioría, con nove votos a favor dos grupos Sadamaioría, PSOE, PDSP e BNG, e con sete votos en contra do grupo PP, o seguinte acordo:

1º.- Instar do Goberno da Xunta de Galiza que garanta o dereito á protección da saúde das persoas transxenuais, incluíndo o tratamento clínico integral de reasignación de sexo no catálogo de prestacións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.-

2º.- Instar ao Goberno da Xunta a promover un ensino laico, público, científico e de calidade que facilite un contorno seguro no que os fillos e fillas de parellas homoparentais poidan vivir abertamente a súa realidade familiar, incidindo no respecto á diversidade desde a ensinanza pública.-

3º.- Manifestar o compromiso do noso Concello a contribuir á integración e á normalización da comunidade LGTBIQ+, para garantir o dereito de todas as persoas a ser tratadas con respecto independentemente da súa orientación ou identidade sexual.-

### **5º.2.- Moción de medidas para a paralización dos desafuzamentos.-**

A sra. Reimúndez presenta a moción do grupo BNG para a paralización dos desafuzamentos, xustificando a urxencia en que se trata dunha cuestión coitá que representa un verdadeiro drama social.-

Aprobada por unanimidade a declaración de urxencia da moción, a sra. Reimúndez dá lectura á mesma, a favor da cal pronúncianse os grupos PDSP, PSOE e Sadamaioría.-

A sra. Salorio manifesta a posición contraria á moción do grupo PP por tratarse de medidas que xa está levando a cabo a Xunta de Galicia, mentres que é o Concello o que ten que poñer vivendas a disposición desta para o programa de vivendas baleiras.-

O sr. Alcalde considera que os criterios para determinar a vulnerabilidade deixan a moita xente fóra do convenio entre a FEGAMP, Xunta e Consello Xeneral do Poder Xudicial, e que a dación en pago debe



CONCELLO  
DE  
SADA  
(A CORUÑA)

representar en todos os casos a eliminación da débeda, pois o contrario é perpetuar a burbulla inmobiliaria e favorecer a especulación.-

Interveñen novamente en segunda quenda a sra. Reimúndez, o sr. Anido e o Sr. Alcalde.-

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría, con nove votos a favor dos grupos Sadamaioría, PSOE, PDSP e BNG, e con sete votos en contra do grupo PP, o seguinte acordo:

1º.- O Concello de Sada apoia a reactivación da Iniciativa Lexislativa Popular a prol de garantir na Galiza o dereito fundamental a unha vivenda digna e da protección dos colectivos sociais máis vulnerábeis, que aborda:

- A promoción do alugueiro social.-

- A expropiación das vivendas a bancos, filiais inmobiliarias e outras persoas xurídicas que posúan as vivendas das persoas físicas que estean en proceso de execución ou embargadas por mor dunha situación sobrevida derivada da fonda crise económica.-

- A paralización dos desafizamentos e do establecemento opcional da dación en pagamento.-

2º.- Solicitar da Xunta de Galicia que se poña a disposición das persoas afectadas por desafizamentos, tanto en caso de hipotecas como de alugueiro, vivendas de alugueiro social no Concello de Sada.-

3º.- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta e grupos parlamentares do Parlamento de Galicia”.-

**5.4.- Moción do Grupo Municipal do Partido Popular para a retirada dun recheo no ámbito protexido das Brañas de Sada.-**

O sr. García Coto presenta a moción do grupo municipal do PP sobre execución da sentenza ditada pola Audiencia Provincial da Coruña, nº 55/2010, de data 20-3-2012, para a retirada dun recheo ilegal executado no ámbito protexido das Brañas, moción que foi presentada na pasada sesión plenaria e rexeitada alegando que a sentenza mencionada fora revocada polo Tribunal Supremo, o cal considera incerto pois a sentenza do Supremo casa e anula dita sentenza da Audiencia absolvendo ao acusado, pero mantén os demais pronunciamentos da Audiencia provincial, que considera urxente executar para protexer os valores medioambientais do espazo protexido de As Brañas.-

O sr. Montouto explica que esa sentenza da Audiencia Provincial nunca foi notificada ao Concello porque é da incumbencia das partes do proceso, non afecta ao Concello de Sada, lembra o que di o fallo dando lectura ao mesmo e afirma que en calquera caso non pode considerarse urxente a moción cando se trata dunha sentenza de 2013.-

Sometido o asunto a votación, resulta desestimada a declaración de urxencia da moción por maioría, con sete votos a favor do grupo PP e nove votos en contra dos restantes grupos.-

**6º.- Rogos e preguntas.-**

O sr. Gómez formula os seguintes rogos e preguntas:

1) Roga que o sr Tenreiro lle aclare se é certa a cantidade de auga que se pode aforrar por fogar ao ano que este declarou na información publicada no xornal “La Opinión” do 23 de xuño referente ao folleto informativo para aforrar auga difundido polo Concello, ao que o Sr Tenreiro contesta dicindo que son datos extraídos dun cartel de Emalca e que non reflicten a media de consumo por fogar.-

2) Roga que o sr. Alcalde lle facilite a factura da empresa “Defensa Pública Abogados” que xa lle pediu outras veces.-

3) Pregunta ao sr. Alcalde os nomes e apelidos dos responsables do tapado do Río Bao no recheo das Brañas.-

4) Pregunta ao sr. Alcalde se sabe que o arquitecto do sr. Anido daba aos concelleiros do grupo deste instrucións de como ían quedar as súas propiedades no PXOM, como afirma que consta nun correo electrónico do arquitecto Francisco Corredoira.-

O sr. Rodríguez pide ao sr Alcalde que lle aclare cantas dedicacións exclusivas hai no grupo de goberno, pois o voceiro do PP dixo hoxe mesmo que hai nove, respondendo o sr. Alcalde que hai cinco.-

O sr. Anido fai as seguintes preguntas:

1) Se o sr. Alcalde ten algún sistema de seguimento das obras que se executan sen licencia ou comunicación previa ou que se realizan sen axustarse a ela; o sr Alcalde responde que lle contestará por escrito cos seguimentos que se están a facer; o sr. Anido di que lle reprocha que non se actúe igual en todos os casos, respondendo o sr. Alcalde que se detecta algún caso que non están a seguir llo faga saber; e que o sr. Anido é consciente de que facer sen probas unha acusación semellante é algo moi grave.-

2) O sr. Anido roga ao sr. Alcalde que revise as obras autorizadas que afectan ao elemento 6-8 do Catálogo do Patrimonio do Plan Xeral.-

3) O sr. Anido pregunta o que se fixo en relación co escrito presentado o 31 de marzo onde solicitou a inspección e informe da Policía Local, descriptivo das actuacións realizadas no Castro de San Mamede ou, no seu caso, dos servizos de protección da natureza que correspondan.-

O sr. Tello roga que se investigue, co fin de depurar responsabilidades en defensa dos veciños, os feitos referentes a unha imposición de costas procesais por mor da execución dunha obra que non se axustaba á licenza



CONCELLO  
DE  
SADA  
(A CORUÑA)

concedida na Rúa de Abaixo, en Fontán, no ano 2015 e no que o ex-alcalde obviou os informes técnicos correspondentes e non procedeu á suspensión das referidas obras.-

A sra. García fai os seguintes rogos e preguntas:

1) Con relación aos bolardos colocados recentemente na Avda do Porto, que causaron malestar aos veciños, pregunta se o Concello ten permiso de Portos para a súa colocación e se van recolocalos para mellorar o acceso aos garaxes; o sr. Tenreiro afirma que se puxeron para evitar a rotura das beirarrúas polos coches estacionarios nelas e que non tivo queixas, pediron o permiso a Portos, tiveron unha entrevista coa responsable de dita entidade e van a seguir con actuacións que persigan o benestar dos veciños; os veciños protestaban polos coches nas aceiras, que son para o uso dos peóns.-

2) Pregunta sobre a finalidade do envío por parte do concello dos orzamentos municipais dos anos 2013 e 2017 ao Concello Sectorial no que participa como membro do APA do Instituto O Mosteirón. O sr. Alcalde contesta dicindo que llos pediron en tres Consellos Sectoriais diferentes e que é unha ferramenta eficaz para certos Consellos Sectoriais e os mandou a todos os demais. A sra. Freire pregunta por que non se mandou o de 2014, informándoa o sr. Alcalde de que era o mesmo que o de 2013.-

O sr. López pregunta por que non se realizaron os servizos requiridos á Policía Local por vía telefónica por veciños da parroquia de Osedo para a preparación de dous dispositivos para a celebración dunha procesión un día e a realización de murais florais outro día. O sr. Alcalde responde que recomenda que os veciños chamen ao Alcalde, que é o xefe da Policía Local e do SEM, e que investigarán quen foi o que non transmitiu as notificacións.-

O sr. García pregunta se, dado que a sentenza anexa á moción que presentou o seu grupo político nesta sesión está incompleta, queren que el facilite a sentenza completa, ao que o sr. Alcalde contesta que si.-

Non habendo outros asuntos que tratar, ás vinte e dúas horas e dez minutos do día ao comezo indicado, o sr. Alcalde levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario, dou fe.-

A través da páxina web do Concello pódese acceder aos arquivos asinados dixitalmente por este Secretario que conteñen a gravación de imaxe e son desta sesión, coas distintas intervencións dos participantes.-